

REGULAMENTO DO CROSS

A ANPA do CEIP Chans Bembrive, xunto co Concello de Vigo e a Entidade Local Menor de Bembrive organizan o III Cross Escolar Chans, que se celebrará o día 19 de Abril do 2026 a partir das 10:00 horas no propio centro escolar, así como nos arredores do mesmo.

1.- A carreira organízase aberta, para tod@s @s nen@s nados entre os anos 2022 e 2013, ambos inclusive. Tod@s @s nen@s estarán asegurados por un seguro de accidentes contratado por esta ANPA.

2.- As inscricións, son de balde, deberán facerse no enderezo www.xovenesatletasvigo.org A inscrición de tódalas categorías pecharase sen excepción ás 22:00 horas do día 09 de Abril de 2026. Toda solicitude de inscrición chegada con posterioridade a dito peche será rexeitada.

3.- A ANPA do CEIP Chans Bembrive non se responsabiliza dos danos físicos e/ou morais sufridos como consecuencia da participación nesta proba. Todo participante no III Cross Escolar Chans acepta, sen reserva algunha, todo o reflectido neste regulamento. Así mesmo, consinte na toma de imaxes, que pasarán a formar parte do arquivo da ANPA “O Leer” ás que se lles poderá dar un uso para a promoción das actividades organizadas por esta ANPA.

4.- Os dorsais serán entregados pola organización na zona de saída da proba, sita no interior do recinto escolar, ata **30 minutos** antes do comezo da proba da categoría correspondente.

5.- Tódos os colexios estarán representados por un delegado/delegada para tratar calquera tema referente á competición co Comité Organizador.

6.- Entregaranse trofeos aos primeir@s clasificad@s de cada categoría, en ambos sexos, e medallas a tódolos nenos e nenas participantes.

Entregarase un premio ao primeiro participante en chegar do colexio Chans como “O primeiro de Chans”, se éste non fai podio na carreira correspondente á súa categoría, cando pasaría ao primeiro do Chans que non faga podio. Na carreira final de crosses entregarase un premio ao colexio que máis participantes tivera na tempada de crosses

7.- Na carreira de Nais e Pais, so poderán participar, **nais e pais** que teñan nen@s que participen neste cross, esta carreira ten carácter voluntario e non competitivo.

8.- As categorías en competición, orde de saída e distancias serán as seguintes. (Dependendo do número de participantes, poderán agruparse varias categorías nunha mesma carreira)

III CROSS ESCOLAR "CHANS" ORGANIZA A.N.P.A. "O LECER" 19 de Abril de 2026

DISTANCIAS E HORARIOS

HORA	CATEGORIA	ANO DE NACEMENTO	PERCORRIDO	DISTANCIA
10:20	INFANTIL FEMININO	2013-2014	2 VOLTAS D	1500 m
10:30	INFANTIL MASCULINO		2 VOLTAS D	1500 m
10:40	ALEVÍN FEMININO	2015-2016	E	1000 m
10:50	ALEVÍN MASCULINO		E	1000 m
11:10	CARREIRA DE NAIS E PAIS		E	1000 m
11:30	BENXAMÍN FEMININO	2017-2018	C	500 m
11:40	BENXAMÍN MASCULINO		C	500 m
11:50	PREBENXAMÍN FEMININO	2019-2020	B	200 m
12:00	PREBENXAMÍN MASCULINO		B	200 m
12:15	OLIMPICOS 4 ANOS FEMININO	2021	A	100 m
12:20	OLIMPICOS 4 ANOS MASCULINO		A	100 m
12:30	PITUFOS 3 ANOS FEMININO	2022/2023	A	100 m
12:35	PITUFOS 3 ANOS MASCULINO		A	100 m

PERCORRIDOS

Os percorridos das distintas carreiras discorrerán segundo os seguintes planos, os itinerarios estarán delimitados por cintas suficientemente visibles. Haberá voluntarios nos cruces e desvíos que se atopan nos percorridos para indicar a dirección da carreira e posibles pasos estreitos.

Para manter a seguridade na zona das carreiras solicítase ao Concello de Vigo, restrición de tráfico rodado previsto ao inicio deste documento.



Percurso A (100m)



Percurso B (200m)



Percurso C (600m)

